

TAREFAS RECOMENDADAS SEMANA DO 15 Ó 19 DE XUÑO



XA REMATA O CURSO, ESTAMOS NA DERRADEIRA SEMANA E CON MOITAS GANAS DE QUE CHEGUE O VERÁN PARA DESCANSAR, DISFRUTAR E VIVIR AVENTURAS!!!

POR ISO ESTA SEMANA INVÍTOVOS A PASALO BEN CON ESTAS PROPOSTAS!!

LECTOESCRITURA: "RECORDOS DA ESCOLA"



IDES TER QUE POÑER A FUNCIONAR A CABECIÑA... A VER ESAS MEMORIAS...QUERO QUE PENSEDES NA ESCOLA, QUE RECORDADES DELA??, QUE RECORDOS DESTE CURSO SE VOS VEÑEN Á MEMORIA ?? TÉDELO XA!! PERFECTO POIS AGORA PODEDES FACER O SEGUINTE:

- FACER UN DEBUXO DO VOSO RECORDO E ESCRIBIR (COMO DECIMOS NA ESCOLA: "CADA UN COMO SAIBA").

- DICIRLLO A PAPÁ OU A MAMÁ E QUE O ANOTEN ELES.

- OU GRABAR UN AUDIO POR EXEMPLO.

NON SERÍA MALA IDEA COMPARTIR OS NÓSOS RECORDOS NON PENSEDES??

BUENO UNHA VEZ QUE XA PUXEMOS A FUNCIONAR A CABEZA TOCA POÑERSE A FEDELLAAARRR!!!

COMO XA CHEGA O VERÁN QUE VOS PARECE UN XOGO CON AUGA???



"TRASVASE DE LÍQUIDOS": (este xogo favorece a concentración, a atención, a coordinación xeral e a óculo-manual, a motricidade e a autoestima).

O trasvase consiste en traspasar substancias e vertelas dun recipiente a outro, para así desenvolver a coordinación muscular que lles será de vital importancia á hora de realizar tarefas da vida cotiá como por exemplo servir alimentos ou comer. Os trasvases favorecen a psicomotricidade fina que posteriormente influirá o desenvolvemento da escritura.


QUÉ PRECISADES?

- RECIPIENTES VARIADOS.
- UTENSILIOS DE COCIÑA DIVERSOS COMO POR EXEMPLO: CULLERES, EMBUDES, VASOS,... E INCLUSO XIRINGAS.
- BANDEXA GRANDE, OU SE PODEDES FACELO FORA DA CASA MOITO MELLOR.
- AUGA
- COLORANTE ALIMENTARIO POR SE QUERES DAR COR.



CÓMO FACEMOS?

1º FAINO O ADULTO PARA QUE VEXAN OS PEQUES COMO SE FAI, OU PODEDES DEIXAR QUE EXPERIMENTEN (debemos comenzar por trasvases doados, por exemplo: xerra- vaso, esponxa-vaso)



POUCO A POUCO AUMENTAMOS A DIFICULTADE (xiringas, culler,...)



ESTAS SON SÓ UNHAS IDEAS, SEGURO QUE A VÓS SE VOS OCURREN PROPOSTAS MOI CHULAS!!!

UNHA VEZ QUE TEDES TODO PREPARADO E XA VISTES COMO SE FAI TOCA... POÑERSE EN ACCIÓN!!!!



MOITA CONCENTRACIÓN!!!

E CONTINUAMOS CON AUGA!!!

PROPÓÑOVOS UNHA ARTISTADA MOIII REFRESCANTE!!

PERO PRIMEIRO TENDES QUE ADIVIÑAR DE QUE SE TRATA, MIRADE ESTAS IMAXES A VER SE VOS DA UNHA PISTA...



SEGURO QUE XA O SABEDES!!! POIS SIIII!!! IMOS PINTAR CON XEO!!!



ARTISTADA REFERESCANTE: "PINTAR CON XEO"

INGREDIENTES E MATERIAIS:

- AUGA
- COLORANTE ALIMENTARIO
- VASOS (tantos como cores queirades facer)
- CUBITERA
- PAPEL
- ESCARVADENTES, DEPRESORES OU PINZAS DE MADEIRA DESMONTADAS.

PROCEDEMENTO:

A PREPARACIÓN É MOI SINXELA. O ÚNICO QUE TEDES QUE FACER É ENGADIR COLORANTE ALIMENTARIO Á AUGA. ACONSÉLLOVOS ENGADIR BASTANTE COLORANTE PARA QUE O TRAZO Ó PINTAR SEXA FORTE, AÍNDA QUE TAMÉN VAI NOS GUSTOS DE CADA UN.

PODEDES FACER TANTAS CORES COMO QUEIRADES PERO CON TER OS 3 PRIMARIOS (VERMELLO, AMARELO E AZUL) É SUFICIENTE, XA QUE A PARTIR DE AHÍ OS PEQUES PODERÁN EXPERIMENTAR COA COR E CREAR OUTRAS NOVAS.

UNHA VEZ QUE TENDES A AUGA DE CORES POÑÉDELA NA CUBITERA E Ó CONXELADOR!!! ESPERADES UN TEMPO E A PINTARRRRRR!!!



E PARA REMATAR O CURSO NON HAI MELLOR COUSA QUE CELEBRALO CUNHA MERENDOLA RICA, REFRESCANTE E MOI SAUDABLE, APUNTÁDEVOS A COCIÑAR XEADOS??? POIS AHÍ VOS VAI A RECEITA !!



" POLOS DE FROITAS":

CLICADE NO ENLACE PARA VER A RECEITA

<https://youtu.be/HliOhXpJ9As>

AGORA PREPARA AS FROITAS E TODO O QUE PRECISES

E... A COCIÑAR!!!

